

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE MAIO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de maio de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a modificación do acordo número 2/828 da Xunta de Goberno Local, do 8 de novembro de 2023, de designación de representantes en órganos colexiados con representación municipal (2024/G004/000345).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias para obras de mellora de accesibilidade en Río Narla, 50.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2024/C003/000012.

Acórdase a resolución definitiva da contratación do servizo de reprografía do Arquivo Municipal de Lugo. Exp. 2023/C003/000021.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da prestación de servizos de xestión, atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais Casas das Linguas, sitas na Estrada da Granxa e no Centro de Convivencia María Balteira. Exp. Ref. 2024-C003-000005.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición presentado pola mercantil Previsonor contra a adxudicación do contrato do servizo de coordinación de seguridade e saúde dos contratos de servizo de mantemento, conservación e reparación dos CEIPS e escolas infantís, das instalacións deportivas e dos edificios municipais. Exp. Ref. 2024-C003-000003.

4. PERSOAL.- Acórdase a validación do recoñecemento do grao persoal, nivel 20, a unha policía local.

Tamén se acorda a execución da sentenza número 20/2021 do cinco de febreiro de dous mil vinte e un, ditada polo Xulgado do Contencioso- Administrativo número 1 de Lugo no procedemento abreviado número 114/2020.

Acórdase a execución da sentenza 00238/2024 ditada polo T.S.X. de Galicia Contencioso-Administrativo Sec.1-A Coruña-do 10 de abril de 2024-Xefatura de Arquitectura.

5. FOMENTO.- Acórdase a aprobación da addenda ao convenio de prestación do servizo como entidade colaboradora de recadación entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade financeira Caixa Rural Galega, S.C.C.L.G.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a adxudicación de postos vacantes no mercado de Frigsa 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.